



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZANOVE DE MARZO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezanove de marzo de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (27/02/2014).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e sete de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Dar conta da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2013.

Dáse conta da liquidación do Orzamento do exercicio 2013, aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 63/14, de data 28 de febreiro, que presenta un resultado axustado de CATRO MIL OITOCENTOS DEZ EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (#4.810,97 €#) de SUPERÁVIT, sendo o resumo da mesma o que de seguido se relaciona:

RESULTADO PRESUPOSTARIO	Euros
+ Dereitos recoñecidos netos	3.564.306,89
- Obrigas recoñecidas netas	-3.532.636,22
RESULTADO PRESUPOSTARIO ANTES DE AXUSTES	31.670,67
+ Desviacións negativas de financiamento	0,00
- Desviacións positivas de financiamento	-26.859,70
+ Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería	0,00



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	4.810,97
DEBEDORES PENDENTES DE COBRO DO EXERCICIO	389.498,29
ACREDORES PENDENTES DE PAGO DO EXERCICIO	347.205,86
Remanentes de crédito non comprometidos	322.321,14
Remanentes de crédito comprometidos	0,00
Remanentes de crédito con financiamento afectado a incorporar	0,00
Remanentes de crédito xerais a incorporar	0,00
REMANENTE DE TESOURERÍA	
+ Fondos existentes na Tesourería a 31-12-2012	17.316,81
+ Dereitos pendentes de cobro	581.310,66
- Acredores pendentes de pago	653.645,85
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA (TOTAL)	-55.018,38
- Saldos de dubidoso cobro	0,00
- Exceso de financiamento afectado	-26.859,70
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	-81.878,08

O Pleno dáse por informado.

3º.- Dar conta do cumprimento do plan de axuste 2012-2022.

Dáse conta do informe do Secretario - Interventor do Concello sobre do cumprimento do Plan de Axuste 2012-2022, aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de marzo de 2012, relativo á anualidade 2013.

O Pleno dáse por informado.

4º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do IBI.

Dáse conta do informe remitido pola Asesoría Xurídica da Deputación Provincial sobre da modificación da ordenanza fiscal núm. 1 deste concello, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), aprobada polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 23/10/2013, (BOP núm. 241/13, do 19 de decembro), en relación á exención establecida para os bens da igrexa católica.

Á vista do mesmo propónse modificar de novo á ordenanza, quedando redactado o artigo 6º (exencións) c) do seguinte xeito:

C) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos económicos , do 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.”

A Presidencia expón que hai unha sentenza do Tribunal Constitucional do mes de decembro que sinala que este acordo é inconstitucional, e así o di tamén o informe solicitado á Deputación.



O Pleno con doce votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA e un voto en contra do BNG acorda aprobar a citada modificación.

5º.- Acordo, se procede, sobre elección de Xuíz de Paz Substituto de Vedra.

Neste momento retíranse da sesión don Eloy J. Iglesias López e dona Lucía González Louro por ser partes interesadas.

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día dezasete de marzo que di o seguinte:

“Dáse conta dos trámites iniciados para a elección de Xuíz de Paz Substituto deste concello conforme ao establecido nos artigos 101 e 102 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e os artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz, publicándose anuncio de convocatoria no BOP núm. 226/13, do 27 de novembro, presentándose en prazo as solicitudes que constan no expediente.

A Comisión de Asuntos Xerais, dado que existen varios candidatos/as, propón establecer uns criterios básicos de cara a que a persoa elixida sexa a máis idónea posible para o desenvolvemento do posto, proponendo a tal efecto:

--Residencia no concello.

--Coñecemento da realidade social do municipio e a integración no mesmo.

Valoradas as solicitudes en función dos citados criterios, a Comisión de Asuntos Xerais, coa abstención do PSdG-PSOE e BNG, propón:

:

Primeiro .- Designar como Xuíz de Paz Substituto a don Eloy José Iglesias López.

Segundo.- Así mesmo, para o caso de renuncia e demais do anterior, propón como suplente a don Percy Arturo Rodríguez Ledesma.”

O Pleno, con dez votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA, e unha abstención do BNG acorda designar como Xuíz de Paz Substituto de Vedra a don Eloy J. Iglesias López.

Incorpórase de novo os concelleiros don Eloy J. Iglesias e dona Lucía González.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ao rogo de dona Lucía González sobre a situación na que se atopa unha árbore situada no entorno do centro médico, di que se comprobou o seu estado e que se vai cortar.

--Ás preguntas do Sr. Pose do BNG, a Presidencia contéstalle:

-En relación ao proceso de oposición do técnico da depuradora, di que será debidamente informado e con toda a transparencia de todos os pasos que se vaian dando.

-Sobre do apoio ao recurso contencioso presentado polo Concello de Teo contra dos recortes do transporte metropolitano; di que o grupo de goberno entende que o camiño non é formular unha reclamación xudicial en principio, porque dende que se



interpón ata que se obtén a resolución xudicial poden pasar varios anos. Por outra banda cónstalles a intención da Dirección Xeral para recuperar as liñas no que afecta a Vedra, que son dúas liñas máis da liña de Monbús da N-525, e que en calquera caso a vía será a presión e a negociación pero non a vía xudicial.

-En canto á pregunta de se segue reafirmándose na nova publicada en El Correo Gallego de que en Ponte Ulla hai unha aceptación xeneralizada do Plan Especial de Protección do Núcleo Tradicional de Ponte Ulla, di que si.

-Polo que respecta á pregunta de por que non asistiu á sesión convocada para a disolución da Mancomunidad, di que imaxina que fai referencia á sesión celebrada o 7 de febreiro, que non era para tratar a disolución da Mancomunidad; senón que tiña tres puntos na súa convocatoria: aprobación acta da sesión anterior, estudo sobre a contribución das distintas anualidades ao orzamento da Mancomunidad e aprobación definitiva da conta xeral do ano 2012. Di tamén que eles xa manifestaran a súa opinión en relación á Mancomunidad, que era a seguinte: dado que non tiña funcionalidade algunha, se existise algunha maneira legal de mantela latente sen achegas dos concellos, parécelles máis interesante, xa que se volve a xurdir a posibilidade dunha posible actuación, non sería preciso volver a levar a cabo todo o proceso de constitución; pero incidindo en que sen achegas dos concellos membros, e que existen uns remanentes que hai que estudar como se reparten.

Di que se estaba á espera dun informe solicitado á Asesoría Xurídica do Concello de Santiago, segundo o cal hai que disolvela, e que se ten que acordar co voto favorable dos sete membros.

En calquera caso di que a esa sesión do sete de febreiro non asistiu porque non puido.

-A pregunta sobre do asesoramento da traballadora social de Vedra na elaboración do prego do contrato de axuda no fogar de Boqueixón, procede á lectura do informe emitido ao respecto polo interesada, que di “ Que con data 01/02/2012, o Concello de Boqueixón remitiu ao Concello de Vedra, no que presto os meus servizos, comunicación de designación para formar parte do comité de expertos co fin de valorar os criterios técnicos para a adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar que tivo lugar nos días seguintes , 2 e 3 de febreiro de 2012, na casa do Concello de Boqueixón.

En relación a este proceso e ante a información emitida nos medios de comunicación nos que se alude á miña participación en dito proceso quero aclarar:

1º.- Que non participei na elaboración do prego de condicións técnicas elaborado previamente polo Concello de Boqueixón e publicado no BOP do día 17/01/2012. Dito baremo entregóuseme no día da apertura dos sobres (02/02/2012) para a súa aplicación.

2º.- Que a miña participación limitouse á lectura e valoración das memorias técnicas. Dita valoración foi consensuada co resto dos expertos participantes.

3º.- Que non percibín compensación económica algunha en conceptos de dietas nin de gastos de desprazamento, dado que este aspecto se me comunicou previamente, estando de acordo no mesmo e que a miña participación respondeu unicamente á demanda de colaboración técnica que vén sendo habitual entre ambos concellos.”

Di que se alguén ten dúbidas sobre deste tema que lle pregunten ao Sr. Secretario da Corporación.



7º.- Rogos e preguntas.

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE pregunta cando remata a prórroga do contrato con Sociser, contestándolle a Presidencia que neste mes de marzo.

A citada concelleira pregunta tamén se están elaborando as novas bases para a adxudicación do contrato e cal é o estado do novo convenio que se estaba a elaborar coas traballadoras do servizo de axuda no fogar.

A Presidencia sinala que se está a traballar para intentar solucionar todos os problemas coa maior urxencia posible.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos.